

INFORME XERENTE ACTO MESA CONTRATACIÓN CONCURSO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Tomando como referencia os criterios de valoración, lembremos:

- A) **Plan de Supervisión e Control da Calidade do Servizo:** valorarase en función do Plan de Cobertura para o Servizo, tempo de resposta e metodoloxía de seguimento da calidade do Servizo: 15 puntos
- B) **Medios humanos e Materiais asignados o contrato:** Debe incluír a relación de persoal cualificado en Selección, Formación e Supervisión para o Servizo na área de Vigo: valorarase en función da relación do persoal aportado para a supervisión do Contrato e da súa experiencia así como da idoneidade material asignado especificando o que esta no centro do que soamente esta a disposición do mesmo no prazo a sinalar: 15 puntos
- C) **Plan de Supervisión e Control da Calidade do Servizo, ou das empresas subcontratadas, no mantemento do sistemas antiinciencio e de control de temperatura :** valorarase en función do Plan de Cobertura para o Servizo , tempo de resposta , proximidade da situación dos equipos, e metodoloxía de seguimento da calidade do Servizo do sistemas antiinciencio e de control de temperatura: 10 puntos.

O Prego que regula o presente procedemento de contratación, aprobado polo Padroado da Fundación MARCO, define todas as condicións técnicas e en base ao mesmo se realiza a valoración técnica.

1) Plan de Supervisión e Control da Calidade do Servizo:

Valórase na oferta a concreción do proceder das empresas reflectido no plan de supervisión e control ante as diferentes incidencias que poidan acontecer.

Neste sentido tamén se atende tanto á claridade dos procedementos no modo de operar como á prontitude de resposta expresada nos diferentes planes de supervisión.

Así mesmo, como reflicte o prego de condicións, valóranse a Calidade de Servizo mediante os medios de control, enquisas ou cliente oculto, etc., así como a través dos certificados de calidade comunmente recoñecidos que posúan as empresas.

Así, como feitos máis importantes de valoración consideráronse os seguintes:

CLECE:

- Expresa modus operandi ante as incidencias que poidan ocorrer
- Inclúe cobertura nun prazo breve
- Call center e nomeamento de reten
- Establece medidas de control de calidade e periodicidade
- Certificacións de calidade de:
 - ISO 9001 (calidade)
 - ISO 14001 (medio ambiente)
 - ISO 5000.2011
- O plan de supervisión inclúe procedementos específicos para el MARCO como son para alugueres de espacio e cambio de Exposicions.

A Proposta desenrola con alto grado de detalle tódolos aspectos necesarios en relación a organización, coordinación e tódolos aspectos necesarios en relación o do servizo con especificacións o servizo obxecto de contrato.

Puntuación: 15 puntos

VEOLIA:

- Expresa modus operandi ante as incidencias que poidan ocorrer
- Inclúe cobertura nun prazo breve
- Call center e nomeamento de reten
- Establece medidas de control de calidade e periodicidade
- Certificacións de calidade de:
 - Certificado de Gestión de Seguridad y Salud en el Trabajo OSHAS 18001.
 - Certificado de Sistema de Gestión de la Calidad ISO 9001.
 - Certificado de Sistema de Gestión de la Ambiental ISO 14001.
 - Certificado de Sistema de Gestión Energética ISO 50001.
 - Certificado emisiones de t CO2e ISO 14064-1:2012

A Proposta desenrola con alto grado de detalle tódolos aspectos internos da empresa en relación a organización, coordinación do servizo.

Puntuación: 10 puntos

Salientar como punto negativo as empresas sinalan como beneficios nas ofertas elementos xa incluídos nos pregos ou non reflicten instalacións si incluídas no prego. Lémbrese que o Prego Técnico de Condicións é vinculante na súa totalidade e de obrigado cumprimento no contrato.

2) Medios humanos e Materiais asignados o contrato: 15 Puntos

Así, reflíctese a xeito de resumo neste punto:

CLECE:

- Expresa claramente a experiencia do persoal da oficina de Vigo que supervisa o contrato presentando unha estrutura de apoio importante
- Relaciona o material con especial valoración do material termómetro digital mod 925 y de equipos de medida de humedades a situar no MARCO.

A Proposta desenrola con alto grado de detalle os medios humanos e materiais asignados o contrato con especificacións o servizo obxecto de contrato.

Puntuación 15 puntos

VEOLIA:

- Expresa claramente a experiencia do persoal da oficina de Vigo que supervisa o contrato presentando unha estrutura de apoio importante con especial disposición de material para exposicións
- Relaciona o material a disposición do contrato. Sae referenciado o material presente nas instalacións, material xenerico mantemento, doutro material mais específico especifican que estará na delegación a disposición do contrato.

A Proposta desenrola con alto grado de detalle os medios humanos asignados o contrato obxecto de contrato.

A Proposta desenrola de modo os medios materiais xenéricos asignados o contrato sendo os de interese para o obxecto do contrato os sinalados como dispoñibles na delegación.

Puntuación 10 puntos

3) Plan de Supervisión e Control da Calidade do Servizo, ou das empresas subcontratadas, no mantemento do sistemas antiincendio e de control de temperatura

CLECE:

- Sinala a supervisión por persoa de estrutura do sistema control de temperatura.
- Sinala a formación do persoal ante calquera actualización do sistema.
- En referencia o mantemento de sistema antiincendio replica mesmos procedementos que para o punto 1

A Proposta desenrola con alto grado de detalle no apartado de sistema de control de temperatura o plan de supervisión do contrato con especificacións o servizo obxecto de contrato.

A Proposta desenrola de forma xenérica o apartado de sistema de control o plan de supervisión do sistema antiincendios obxecto de contrato.

Puntuación 5

Veolia:

- A Proposta desenrola de forma xenérica o apartado de sistema de control o plan de supervisión do sistema antiincendios obxecto de contrato.

Non se reflicte capítulo específico na oferta para os puntos a valorar neste apartado mencionándose unicamente algún procedemento xenérico no apartado de subcontratas non sinalando o sistema de control de temperatura.

Puntuación 1

Como resultado da oferta técnica e en función dos criterios reflectidos no Prego Técnico considérase valorar coa seguinte puntuación:

Polo tanto, a puntuación total final é a seguinte:

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 40

Clece	Veolia
35	21

Firmado:

Xerencia
Martíño Nogueira

Vigo a 7 de novembro de 2019